CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Promove o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Asume o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas. Analiza e reflexiona sobre textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual. Interpreta e respecta o relixioso na pluralidade de culturas.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñece o Credo da fe cristiá. Dialoga, desde o Credo, con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- O Credo da Igrexa católica.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Somos festeiros.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Comprende e valora como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos. Comprende e valora como o patrimonio relixioso cristián inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	TI	100
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Asume o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas. Analiza e reflexiona sobre textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual. Interpreta e respecta o relixioso na pluralidade de culturas.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.</li> </ul>



## Contidos

- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.
- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.
- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.
- A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa.
- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.
- María, modelo de crente.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.
- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestora de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

A aprendizaxe en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas terei en conta:

a) Os principios metodolóxicos:

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para eles/as xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula.

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas, significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.

Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda conveniente se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición

explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros/as, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

- Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.
- Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, despertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas.

- Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar a súa autonomía.

- Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

- Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

b) O agrupamento dos alumnos

- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual...

c) Organización dos espazos e tempos

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Relixión, tanto a nivel individual como en grupos reducidos; deste xeito amosarase a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado.

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posibles, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación. Entre outros, precisaremos:

\*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores, do propio centro educativo ou doutros centros; familias ou visitas, e organizacións e/ou institucións, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna, en beneficio da nosa labor docente.

\*Recursos espaciais: A propia biblioteca do centro que é onde se imparte Relixión, o patio de recreo, aula de informática, aula de usos múltiples, comedor, ximnasio e outros espazos da contorna coma o parque da Trisca, parque de Belvís e Seminario Menor, Igrexas da contorna (San Pedro e Angustia), o propio barrio de San Pedro onde está o noso colexio.

\*Distintos recursos materiais:

-Coma material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, cadeiras, paneis específicos de exposicións, xogos, quebracabezas, contos da biblioteca, etc...

-Material impreso, coma os libros de consulta, dicionarios, a Biblia (infantil e xuvenil), contos, banda deseñada, libros de personaxes sagrados, libro das parábolas, xogos de cartas (a vida de Xesús), láminas de apoio visual...

-Material funxible e variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, ceras, rotuladores, plastilina e outras pastas de modelar, cola, pegamento, tesoiras, pistolas de silicona,...

-Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, láminas, fotografías,...

\*Material non específico: Estarán presentes elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recolleemos no patio, nunha saída... como pedriñas, ourizos, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar seus propios xogos ou adornos.

\*Material informático e recursos tecnolóxicos coma ordenador con conexión a internet, gafas de Realidade Virtual, pizarra dixital interactiva, proxectore, canón de video, tabletas...

\* Recursos dixitais e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC. Estes recursos para a maioría do alumnado son motivadores e facilitan a adquisición de contidos e colaboran no reforzo de aprendizaxes adquiridas: Apps como a ‘‘Biblia infantil’’, páxinas web, CDs, libros dixitais, enciclopedias online, xogos informáticos, plataformas online, vídeos educativos, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso válvome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

Levarase a cabo nas primeiras semanas do curso mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.

-Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través dos titores, para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

A avaliación inicial terá carácter informativo e vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### **Criterios de cualificación:**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: lévase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

#### **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN**

a) Parte actitudinal: 50%

Aproveitamento do tempo.

Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 35%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole..

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para superar as aprendizaxes que non acadase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos máis manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, con propostas sinxelas de reforzo.

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, antes de que finalice cada Ud., solicitaréi axuda ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

1. Co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, nesta etapa poñeráse especial énfase na atención individualizada aos alumnos e alumnas, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a permanencia nun mesmo curso, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.
  2. Corresponderá igualmente ás administracións educativas establecer a regulación que permita aos centros adoptar as medidas necesarias para responder as necesidades educativas concretas do seu alumnado, tendo en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
  3. As administracións educativas impulsarán que os centros establezan medidas de flexibilización na organización das áreas, os ensinós, os espazos e os tempos, e promovan alternativas metodolóxicas, a fin de personalizar e mellorar a capacidade de aprendizaxe e os resultados de todo o alumnado.
  4. Ditas medidas, que formarán parte do proxecto educativo dos centros, estarán orientadas a permitir que todo o alumnado acade o nivel de desempeño agardado ao termo da Educación Primaria, de acordo co Perfil de saída e a consecución dos obxectivos da Educación Primaria, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas promocionar ao seguinte ciclo ou etapa.
  5. Os mecanismos de apoio e reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe serán tanto organizativos como curriculares e metodolóxicos. Entre eles poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
  6. Adoptaranse medidas curriculares e organizativas inclusivas para asegurar que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida acadar os obxectivos e as competencias da etapa. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e a avaliación da lingua estranxeira, especialmente con aquel alumnado que presente dificultades na súa comprensión e expresión.
- Igualmente, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades deste alumnado.
- O currículo da materia de Relixión Católica, tamén nas súas orientacións metodolóxicas, aposta por unha educación personalizada, que pon á persoa no centro de todos os procesos educativos. Isto esixe acompañar a cada alumno e alumna tendo en conta a súa personalidade e o seu propio ritmo de aprendizaxe, acoller e coidar a súa experiencia persoal, familiar e social, respectar a súa autonomía e liberdade, promovendo os vínculos cos demais para medrar individual e comunitariamente. Coa atención personalizada favorécese o compromiso e a implicación dos propios estudantes no seu proceso de coñecemento, atendendo a todas as dimensións da personalidade de maneira integrada. En concreto, a materia de Relixión Católica atende e acompaña o desenvolvemento da interioridade, a espiritualidade, e a experiencia relixiosa do alumnado. Entre outros recursos para esta aprendizaxe con valor persoal, pódese empregar na aula dinámicas para aprender a pensar, de educación emocional e de escoita activa, a xeración de actividades metacognitivas, a gamificación e a aprendizaxe experiencial.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- \* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- \* Igualdade entre mulleres e homes.
- \* Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- \* Competencia dixital
- \* O fomento da creatividade e a formación estética, no alumnado
- \* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- \* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
- \* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita mais éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- \* Expresión oral e escrita, positivas
- \* Fomentarase o espírito científico, e o emprendemento social e empresarial
- \* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- \* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- \* Educación emocional e en valores
- \* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, e ,por suposto, a interculturalidade, que é o eixe central sobre o que este curso xira a Semana Cultural do noso colexio.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a centros de culto (igrexas de San Pedro e Igrexa da Angustia, ambas da contorna do colexio, centros de voluntariado, un museo, exposicións, residencia da terceira idade Porta do Camiño na contorna do colexio, onde lles irán cantar unha panxoliña de Nadal e agasallalos cuns Anxos feitos e personalizados por eles para decorar o Belén e máis a árbore de Nadal....	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos o patrimonio natural, social e cultural máis próximo.	X	X	X
Charlas formativas a cargo de Mans Unidas	Charlas formativas a cargo de Mans Unidas sobre o proxecto "Fame cero".		X	X
Proxecto "Cartas que veñen e van"	Correspondencia ca mestra de relixión e o seu alumnado do colexio A Maía de Bertamiráns (Ames). Intercambio de correspondencia tanto empregando o correo ordinario coma o electrónico.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser: festas do calendario litúrxico católico (especialmente Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), festas propias do centro, Día Internacional da Paz, semana cultural que este ano trata sobre a Interculturalidade	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Facilitación a cada alumna e alumno da axuda individualizada precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familia
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte do profesorado
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos
Outros
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida dos resultados das probas

### Descrición:

Ademais dos citados indicadores de logro, poderase incluír:

Se a programación se axusta ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión; se a estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais; se está adaptada ás características do centro e do grupo; se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa; se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe; se se planificou a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica; se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias; si é adecuada aos criterios de avaliación.

Se coma mestra reflexionei e avalíei a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario; se empreguei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais); se tiver en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados